



Avisos

* A empresa encargada do transporte escolar dirixiu queixas ao Concello referente as polas de árbores que invaden a calzada. Os servizos municipais de desbroce de beirarrúas realiza os traballos nas cunetas e ata a altura que alcanza a maquinaria da que dispoñemos. Recordamos aos veciños que a poda destas árbores é obrigación dos propietarios polo que rogamos na medida do posible vaian facendo a podas das polas que poidan entorpecer a circulación non so dos citados buses escolares senón que temen de camións ou tractores.

* Nestes últimos meses estivemos a migrar os datos da aplicación de xestión de recibos de auga/lixo/sumidoiros para unha nova que permite unha xestión máis óptima e segura. Debido a estes traballos estase a tardar máis en xerar os padróns e cargalos nas contas bancarias, nestes próximos días enviaranse as cotas correspondentes ao trimestre 2 - 2019 (abril, maio e xuño de 2019 cuías lecturas foran feitas a principios de xullo deste ano) e procederemos a lectura dos contadores correspondentes ao trimestre 3 - 2019 (xullo, agosto e setembro). Rogamos revisen os recibos cando se lles carguen e ver que non haxa ningún erro nos mesmos e antes de devolvelos nolo consulten a fin de aclararmos os posibles erros.

* A partires do día 30 de setembro está en exposición os traballos levados a cabo polo equipo redactor en base as solicitudes presentadas de modificación do Plan Xeral do Concello. Pódese consultar os luns e mércores no servizo de urbanismo do Concello onde se lles informará e se tramitaran as reclamacións ao mesmo que se desexen formular.

* **MAGOSTO POPULAR** (churrasco e castañas - 6€ por persoa): Sábado 16 de novembro - Na Telleira de Boimil, ás 20:30. Anotarse entre o 21 de outubro e o 11 de novembro no Concello.

Axudas Municipais

* Están en tramitación administrativa as subvencións municipais para Transporte escolar e Natalidade. Unha vez remata a tramitación administrativa (exposición pública, aprobación plenaria definitiva,...) abrirase un prazo de solicitude, previsiblemente para principios do mes de novembro 2019. En vindeiros boletíns informaremos dos prazos de solicitude

Servizos Sociais

* **BEBETECA.** Obradoiros con diferentes actividades lúdicas dirixido a nenos/as de 1 a 7 anos. Servizo gratuíto que pretende: Ofrecer un lugar de xogo e de imaxinación para os nenos/as; Favorecer a relación entre os nenos/as e as súas familias realizando actividades nas que os adultos participen dun xeito activo; Favorecer a relación entre os nenos/as destas idades... Nas actividades deberán participar o neno/a e un titor/acompañante que serán coordinados por unha mestra.

Horario de 16:45 h a 18.15 h (martes).

Incricións: ata o 30 de setembro chamando ós servizos sociais do concello de luns a venres en horario de 9:00 a 10:15 e de 13:00 h a 15:00 h.

Deportes

* Ximnasia polas parroquias: Poden participar nesta actividade todos os veciños que teñan 16 anos cumpridos ou máis e estén en posesión do carné de socio do concello. A actividade comeza o luns 1 de outubro e finaliza o 30 de maio e os días e horarios nas distintas parroquias é o seguinte:

HORARIO	Luns	Martes	Mercres	Xoves
18:00 a 18:45	Local Brates		Local Brates	
19:15 a 20:00	Local Ánxeles	Local Arceo	Local Ánxeles	Local Arceo
20:15 a 21:00	Local Rodieiros	Polideportivo	Local Rodieiros	Polideportivo

- **PROGRAMA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAESCOLARES MUNICIPAIS - CURSO 19/20 - Xogos Psicomotores:** xogos para adquisición das habilidades motrices básicas que implican coordinación, equilibrio, saltos, lanzamentos, xiros, golpes, carreira,...

Idade: nenos da etapa de educación infantil. Horario: luns e martes para o grupo de Infantil de 14:15 a 14:55. Lugar: pavillón de Boimorto.

Bádminton: iniciación e mellora neste deporte mediante exercicios técnicos, tácticos e físicos. Haberá participación na Competición Deportiva en Idade escolar, sendo os partidos venres pola tarde ou sábados. Idade: nenos das etapas de educación primaria e secundaria. Horarios: martes e xoves de 16:55 a 17:55. Lugar: pavillón de Boimorto

Fútbol Sala: iniciación e mellora neste deporte mediante exercicios técnicos, tácticos e físicos. Haberá participación na Competición Deportiva en Idade escolar, sendo os partidos venres pola tarde ou sábados. Idade: nenos das etapas de 6º de Infantil, educación primaria e secundaria. Horarios: luns de 16:55 a 17:55 Benxamíns e Alevíns (3º a 6º de primaria), mércores de 15:50 a 16:50 Prebenxamines (6º de infantil, 1º e 2º de primaria), e mércores de 18:00 a 19:00 Infantiles e Cadetes (1º a 4º da ESO). Lugar: pavillón de Boimorto

Patinaxe: xogos e exercicios destinados a favorecer o equilibrio sobre os patíns e traballando figuras acrobáticas de cara a crear unha coreografía e participar en galas. Idade: nenos das etapas de educación primaria e secundaria. Horarios: martes os de 1º ata 4º de primaria e xoves os de 5º e 6º de primaria e os de secundaria, de 15:50 a 16:50. Lugar: pavillón de Boimorto

Multideporte: iniciación divertida a varios deportes: baloncesto, atletismo, voleibol, béisbol, lacrosse, hockey, deportes de raqueta. Idade: nenos de educación primaria. Horario: luns de 15:50 a 16:50. Lugar: pavillón de Boimorto.

IMPORTANTE:

- As actividades teñen unha temporalización de outubro a maio e réxense polo horario escolar para os festivos e vacacións, de xeito que cando non haxa colexio non haberá tampouco actividades extraescolares. As actividades comezan o martes 1 de outubro e finalizan o xoves 28 de maio. Son gratuítas **pero é obrigado estar en posesión do carné deportivo.**
- Os horarios son provisionais e poderían sufrir algunha modificación por motivos organizativos
- Establécese un prazo de recollida de inscrición ata o venres 27 de setembro. As follas de inscrición entregaranse nas oficinas do concello.

Cadro resumo cos horarios

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
14:15 a 14:55	X. Psicomotores (Ed. Infantil)	X. Psicomotores (Ed. Infantil)			
15:50 a 16:50	Multideporte Primaria (1º a 6º)	Patinaxe 1º, 2º, 3º e 4º Primaria	F. Sala Prebenxamín (6º infantil e 1º e 2º primaria)	Patinaxe ESO e 5º e 6º primaria	
16:55 a 17:55	Fútbol Sala (3º a 6º de Primaria)	Bádminton		Bádminton	
18:00 a 19:00			Fútbol Sala (ESO)		

*** SERVIZO DE ATENCIÓN ÁS DIFICULTADES DE MEMORIA.**

A quen vai dirixido?

- A persoas maiores de 60 anos preocupadas pola súa memoria.
- A familiares de persoas con demencia que precisen asesoramento.

Cómo podo participar?

Dirixíndote ó teu médico de cabeceira ou nos servizos sociais do concello.

Lugar de realización: Centro Social Municipal de Maiores. **Teléfonos:** 981 516075 / 647344367.



Zona onde se pode aparcар

* CENTRO DE MAIORES

A principios do mes de outubro darán comezo as seguintes actividades no centro:

- Intervención coas persoas que participan no Servizo de atención ás dificultades de memoria. Estanse formando os grupos de intervención. As persoas que estean interesadas en participar pódense poñer en contacto cos servizos sociais do concello.
- **Xerontoximnasia:** os luns, mércores e venres de 11:15 h a 12:00 h.
- **Manualidades:** os martes de 11.00 h a 12:00 h.
- **Obradoiro de memoria:** xoves de 10:30 h a 11.30 h.
- **Teatro:** xoves de 11:30 h a 12:30 h

As persoas interesadas en participar en algunha destas actividades pódense poñer en contacto cos servizos sociais do concello ou anotándose no propio Centro de Maiores.

* BEBETECA

Obradoiros con diferentes actividades lúdicas dirixido a nenos/as de 0 a 3 anos.

Servizo gratuíto que pretende ofrecer un lugar de xogo e de imaxinación para os nenos/as; Favorecer a relación entre os nenos/as e as súas familias realizando actividades nas que os adultos participen dun xeito activo; Favorecer a relación entre os nenos/as ...

Nas actividades deberán participar o neno/a e un titor/acompañante que serán coordinados por unha mestra. A actividade realizarase contando cun mínimo de 5 nenos/as e un máximo de 10 nenos/as.

Horario de 16:45 h a 18.15 h (martes). **Inscripcións:** ata o 30 de setembro chamando ós servizos sociais do concello de luns a venres en horario de 9:00 a 10:15 e de 13:00 h a 15:00 h.

Santiagoños

As actividades dos santiaguños xa comezaron de novo pódense anotar a cursos de iniciación e perfeccionamento das seguintes materias:

- | | |
|----------------------------------|-------------|
| * Pandeireta / Canto tradicional | * Gaita |
| * Baile | * Percusión |

Os/as interesados/as en participar nas actividades poden falar con Carmiña a fin de obter mais info no telefono 654 20 31 69.

Rúa Gándara

Tralas obras da rúa gándara quedará habilitado para aparcар na marxe dereita en sentido subida, tal e como se pode ver na imaxe anexa. Nas vindeiras xornadas procederase por parte de Deputación a pintar esta zona. Recordar aos/as veciños/as que o código de circulación prohibe estacionar subido na beirarrúa.

Os axentes do corpo da garda civil fixeron advertencias ao respecto de aparcар nas zonas non habilitadas a tal fin e vehículos estacionados sobre a beirarrúa.